

EMPRÉSTITO DIXITAL

Bibliotecas escolares e públicas

Bibliotecas escolares: Plataforma ELBE.2

Que é a plataforma ELBE.2?

A orixe da antiga MEIGA.

E-LBE.2 é un novo servizo que ofrecen as bibliotecas escolares dos centros educativos galegos de titularidade da Consellería, integrados no **PLAMBE**.

Trátase dunha plataforma de lectura e préstamo de contidos dixitais que enriquece as coleccións das bibliotecas escolares cun volume inicial de máis de 3000 títulos que están dispoñibles para ler en pantalla, en todo tipo de dispositivos (computador, e dispositivos móbiles), en calquera momento e lugar, para todos os usuarios e usuarias (profesorado, alumnado e familias) que **conten con carnet de usuarios das bibliotecas escolares**.

Condicións.

A asesoría de Bibliotecas Escolares puxo en funcionamento este servizo coas seguinte condicións:

- **O usuario alumno ou alumna** pode obter en préstamo ata 2 títulos de xeito simultáneo, dun máximo de 10 libros.
- **O usuario docente** poderá obter tamén 2 títulos simultáneos pero sen límite de préstamos por curso escolar.

Rexistro


O centro ten que contactar no seguinte correo: biblioteca@csmvigo.com e dispoñer dun contrasinal. Normalmente empeza co usuario en maiúsculas e números: PEC###-# son 3 números fixos para o centro despois de PEC e despois do guión unha numeración dependendo do alumnado. O contrasinal é alfanumérico aleatoria con maiúsculas e minúsculas que hai que cambiar na páxina web de ELBE.2 unha vez que se intenta rexistrar por primeira vez.

Pódense imprimir os carnets para todo o alumnado cun código de barras. Ademais de poder personalizar o carnet coa mascota da biblioteca, por exemplo.

Se se accede pola App rediríxevos a dirección da páxina web para o cambio da contrasinal.

Acceso: <https://bega-elbe2.edu.xunta.es/?locale=es>

Na seguinte pantalla podese ver o momento no que se debe cambiar ese contrasinal. Tamén solicita que as nais/pais ou titoras/es deixen o seu correo para recibir tamén información dos préstamos e actividades.



Bibliotecas públicas galegas e nacionais: GALICIA-LE

Como funcionan estas bibliotecas públicas virtuais?

Rexistro nas bibliotecas de xeito presencial ou con firma dixital pola web.


Unha vez rexistrado nunha biblioteca pública pódese tamén acceder á App Galicia-le co usuario que se rexistrara na biblioteca e o contrasinal personalizado ou a través da páxina web <https://www.galiciale.gal/>

Tamén se pode realizar o rexistro tendo unha firma dixital no caso de persoas adultas. As persoas menores deben ir fisicamente ás bibliotecas acompañadas dunha persoa adulta para o rexistro.



The screenshot shows the GaliciaLe website interface. At the top, there are logos for GaliciaLe, the Red de Bibliotecas Públicas de Galicia, and the Xunta de Galicia. Below the logos is a navigation bar with links: INICIO, PRESENTACIÓN, PRÉSTAMO, LECTURA, VISIONADO DE PELÍCULAS, PREGUNTAS FRECUENTES, and ENTRAR. A search bar is located below the navigation bar, with a dropdown menu and a 'Procurar' button. Below the search bar, there are two buttons: 'Libros electrónicos' and 'Películas'. A blue banner in the center reads 'NOVO SERVIZO GALICIALE+' and contains text about digital borrowing for people living outside Galicia. Below the banner, there are two orange buttons: 'Catálogo en castelán' and 'Lectura fácil e libros con pictogramas'. At the bottom, there are several small image thumbnails.

Necesítase tamén un usuario e contrasinal para acceder de calquera dos dous xeitos pola web ou pola App. Ademais, posibilita ler sen conexión descargando o libro nalgún formato escollido como Epub, pdf, etc.



The screenshot shows the GaliciaLe login page. At the top, there are logos for GaliciaLe, the Red de Bibliotecas Públicas de Galicia, and the Xunta de Galicia. Below the logos is a green bar with the text 'Servizo de Autenticación Centralizado'. The main content area has a login form with fields for 'Usuario' and 'Contrasinal'. Below the fields are checkboxes for 'Avisarme antes de abrir sesión noutros sitios.' and a button 'INICIAR SESIÓN'. To the right of the form, there is a warning message: 'Por razóns de seguridade, por favor peche a súa sesión e o navegador web canto termine de acceder aos servizos que requiren autenticación.' At the bottom, there is a footer with the Xunta de Galicia logo and contact information.

O rexistro pola web é só para persoas adultas con firma dixital cumprimentando estes datos básicos.



The screenshot shows the GaliciaLe registration page. At the top, there is a header with the text 'SISTEMA DE BIBLIOTECAS DE GALICIA' and language options: Galego, Castellano, English. The main content area has a blue header with the text 'Iniciar rexistro en GaliciaLe+'. Below the header, there is a form with text explaining the registration process. At the bottom, there is a section titled 'Datos da persoa para a que solicita o acceso a GaliciaLe+' with fields for 'Apellidos' and 'Nome'.

Tamén hai que completar os datos de contacto.

Datos de contacto

Enderezo

Localidade *

País *

Selecione ...

Provincia *

Selecione ...

Código postal *

Teléfono

Correo electrónico *